

CONCELLO DA LARACHA

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO O DÍA 31 DE AGOSTO DO ANO 2017

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Laracha, sendo as 13 horas e 30 minutos do día 31 de agosto do ano 2017, baixo a Presidencia do sr. Alcalde e coa asistencia dos sres. concelleiros que se relacionan, réunese o Pleno da Corporación para celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria e urxente convocada para este día.

PRESIDENTE

JOSÉ MANUEL LÓPEZ VARELA

CONCELLEIROS

Grupo político municipal P.P.

JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ BARBEITO

JESÚS SOUTO PENA

RAMIRO BELLO RECOUSO

JOSÉ ALBERTO BLANCO VEIGA

PATRICIA M^ª. BELLO CANEDO

MARÍA DEL ROCÍO LÓPEZ REY

CRISTINA VIEITES CALVO

ADELINA LISTE MONELOS

ANTONIO FRAGA BOLÓN

ANA BELÉN RODRÍGUEZ VILAS

Grupo político municipal B.N.G.

XOAN MANOEL SANDE MUÑIZ

CAROLINA CASTIÑEIRAS BRANDÓN

Grupo político municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE

ELADIO VERDÍA GARCÍA

JUAN CAAMAÑO REGUEIRA

Grupo político municipal Mixto

Excusan a súa asistencia:

ALBERTO FUENTES PREGO

ANTONIO ANTELO AÑON

Asiste como secretaria a da Corporación, Cristina Castro Fuentes, que da fe do acto.

A continuación procédese ao exame dos asuntos comprendidos na

ORDE DO DÍA.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA URXENCIA DA SESIÓN

Xustifica o alcalde a urxencia da sesión pola imposibilidade de poder celebrar as comisión informativas, xa que urxe moitísimo a aprobación de ambas modificacións do PXOM que se traen a este pleno, especialmente a número 5 que está a Xunta pendente para iniciar as obras do PAC

Sométese a votación a urxencia da sesión, resultando aprobada por unanimidade.

2º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN PROVISIONAL

Dase lectura ao informe obrante no expediente

INFORME DA ARQUITECTA TÉCNICA MUNICIPAL E DE SECRETARIA

En virtude do artigo 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), do artigo 47.2 II) da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local, do artigo 60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do artigo 144.13 do decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, emétese o seguinte informe preceptivo

I. LEXISLACIÓN APLICABLE

1. *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*
2. *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG)*
3. *Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU).*
4. *Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.*
5. *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOT).*
6. *Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*
7. *Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.*
8. *Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio Histórico Español*
9. *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na comunidade autónoma de Galicia.*
10. *Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*
11. *Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.*
12. *Lei 48/1960, de 21 de xullo, de Navegación Aérea (BOE nº 173, de 23 de xullo)*
13. *Real Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de Servidumes Aeronáuticas (BOE nº 69, de 21 de marzo).*
14. *Decreto 374/1996, de 23 de febreiro polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do aeroporto da Coruña (BOE nº 64, de 14 de marzo).*

15. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento sobre a correcta inclusión das servidumes aeronáuticas do Aeroporto da Coruña no PXOM, de 11 de novembro de 2007.
16. Real decreto 799/1991, de 10 de maio, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas establecidas no aeroporto de Santiago de Compostela (BOE nº 122, de 22 de maio de 1991).
17. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento, de 11 de febreiro de 2009, sobre a correcta inclusión no planeamento urbano das servidumes aeronáuticas do aeroporto de Santiago.
18. Lei 9/2014, de 9 de maio, de Telecomunicacións
19. Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
20. Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
21. Real decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación de persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións.
22. Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.
23. Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
24. Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia
25. Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 30 de xuño de 2003 (PXOM).

II. ANTECEDENTES DE FEITO

1. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha foi aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 30 de xuño de 2003, de acordo co previsto na disposición transitoria terceira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 157 na data de 10 de xullo de 2003.
2. O obxecto do presente informe é o documento técnico de aprobación provisional da Modificación Puntual nº 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, redactado polo equipo redactor da empresa Monteoliva Arquitectura, S.L.P, e datado do mes de agosto de 2017.
3. A modificación ten por obxecto a ordenación especial dunha parcela dotacional, alterando de xeito puntual a ordenación pormenorizada do conxunto de dúas parcelas cualificadas de sistema xeral de equipamento co obxectivo de acomodar a futura ampliación do Centro de Saúde
4. O presente informe emítese con base en la seguinte documentación:
 - a. Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 3 de novembro de 2016 pola que se resolve non someter a Modificación Puntual número cinco, ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ordinaria, e establécense as seguintes

determinacións: a modificación puntual deberá xustificar a eliminación da reserva de prazas de aparcadoiro, ou acreditar a suficiencia de prazas existentes na contorna para acoller a ampliación do uso sanitario; deberanse establecer condicións específicas para a integración urbana da edificación proxectada, especialmente medidas para minimizar a presenza de medianeiras dos bloques de vivenda contiguos. Coa resolución achéganse copia de dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas:

pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que considera:

- en canto as razóns de interese público da modificación “as razóns expostas, poden considerarse como de interese público para a formulación dunha modificación do planeamento xeral”
- en canto ao contido: “xustifícase a supresión do requirimento establecido con carácter xeral polo planeamento en vigor respecto as prazas de aparcamento para os equipamentos de uso sanitario-asistencial”, “as novas determinacións urbanísticas estableceran con claridade, as específicas condicións esixibles aos proxectos de edificación, para a resolución da integración urbana do volume proxectado no tecido existente”

do Instituto de Estudos do Territorio, que considera que “a modificación pode provocar certos efectos negativos na paisaxe urbana, se ben tales efectos poderán verse minimizados se se establecen medidas de integración paisaxística, tal e como se prevé no documento ambiental estratéxico”

da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica considerando que “as actuacións comprendidas no dito proxecto non é previsible que teñan impacto nas actividades competencia da Dirección Xeral”

- b. Informe da Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información, do 11.01.2017.
- c. Informe da secretaria xeral da Delegación de Goberno de Galicia do 17.01.2017.
- d. Informe da Dirección General de Aviación Civil, do 29.03.2015.
- e. Informe emitido pola Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre o resultado do trámite previsto no artigo 60.7 da LSG do 30.05.2017.
Resultado do trámite do artigo 60.7 da LSG:
 - Solicitáronse os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que foron emitidos en prazo todos agás o informe de Augas de Galicia, solicitado o 15.02.2017.
 - Deuse audiencia aos concellos limítrofes de Cerceda, Arteixo, Culleredo e Carballo. Non se recibiron alegacións.
- f. Documento de aprobación provisional da Modificación puntual nº 5 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, redactado polo equipo redactor da empresa Monteoliva Arquitectura, S.L., datado do mes de agosto de 2017
- g. Acordo de aprobación inicial do Pleno da corporación na sesión ordinaria do 25.11. 2016.
- h. O acordo de aprobación inicial publicouse no DOG nº 245, do día 26.12. 2016 e no diario La Voz de Galicia do día 21.01.2017.
- i. Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 20.02.2017
- j. Informe da Axencia Galega de Infraestruturas de 27.02.2017
- k. Informe do Instituto de Estudos do Territorio, do 10.05.2017.
- l. Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 22.03.2017.
- m. Informe da Deputación da Coruña do 04.08.2017

5. Informes solicitados e emitidos en cumprimento do disposto no artigo 60.8 da LSG

solicitud	remisión	resposta	favorable
Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información	09.12.2016	16.01.2017	X
Delegación do Goberno en Galicia	09.12.2016	19.01.2017	X
Ministerio de Fomento - Dirección General Aviación Civil	09.12.2016	05.04.2017	X
Deputación da Coruña	27.06.2017	10.08.2017	X

- a. Dos informes solicitados foron emitidos en sentido favorable os catro remitidos: 1) pola Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información, en relación coa adecuación da modificación puntual á normativa sectorial de telecomunicacións; 2) pola Delegación de Goberno sobre o inventario de bens e dereitos do Estado; 3) pola Dirección General de Aviación Civil, no que a servidumes aeronáuticas se refire; pola Deputación da Coruña no que respecta aos seus correspondentes intereses.
 - b. Dos informes resultado do trámite previsto no artigo 60.7 da LSG emitidos pola Comisión Galega de Protección Civil e pola Axencia Galega de Infraestruturas, consideran que non é necesario sometela ao seu informe. O informe solicitado ao Instituto de Estudos do Territorio, en materia de paisaxe, considera que na ficha de de ordenación especial do ámbito indica medidas de integración paisaxística son coherentes co expresado polo citado departamento no informe do 13.10.2016, polo que non se formula ningunha obxección para a aprobación da Modificación puntual nº 5. O informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural informa favorablemente o documento da Modificación puntual nº 5 do PXOM, toda vez que non existen bens do patrimonio cultural que se poidan ver afectados pola dita modificación
6. Durante a información pública non se formularon alegacións

III. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

11.- Modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico.-

1. A LSG no artigo 83 relativo a modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico, que se desenvolve mediante o artigo 200 do RLSG, dispón:
"1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.
2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.
3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de

circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade.

4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.

5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei."

2. *Segundo o disposto no artigo 83.5 LSG e no artigo 200.5 do RLSG a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.*

21.- Contido obrigatorio do Plan xeral de ordenación municipal.-

1. *O artigo 58 da LSG, desenvolvido polo artigo 131 do RLSG, sinala os documentos nos que se deben desenvolver as determinacións do Plan Xeneral de Ordenación Municipal:*

"a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.

b) Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.

c) Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.

d) Estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica.

e) Planos de información, incluíndo as afeccións sectoriais.

f) Planos de ordenación urbanística.

g) Normas urbanísticas

h) Estratexia de actuación e estudo económico.

i) Catálogo de elementos que se deben protexer.

j) Informe ou memoria de sustentabilidade económica

k) Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable."

2. *Por outra parte o TRLSRU dispón:*

No artigo 22: "1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística están sometidos a avaliación ambiental, de conformidade co previsto na lexislación de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente e neste artigo, sen prexuízo da avaliación de impacto ambiental dos proxectos que se requiran para a súa execución, se for o caso (...)

4. A documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de transformación urbanística deberá incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no cal se ponderará, en particular, o impacto da actuación nas facendas públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.

5. A ordenación e execución das actuacións sobre o medio urbano, sexan ou non de transformación urbanística, requirirá a elaboración dunha memoria que asegure a súa viabilidade económica, en termos de rendibilidade, de adecuación aos límites do deber legal de conservación e dun adecuado equilibrio entre os beneficios e as cargas derivadas dela, para os propietarios incluídos no seu ámbito de actuación, e conterá, ao menos, os seguintes elementos:

a) Un estudo comparado dos parámetros urbanísticos existentes e, se for o caso, dos propostos, con identificación das determinacións urbanísticas básicas referidas a edificabilidade, usos e tipoloxías edificatorias e redes públicas que habería que modificar. A memoria analizará, en concreto, as modificacións sobre incremento de edificabilidade ou densidade, ou introdución de novos usos, así como a posible utilización do solo, voo e subsolo de forma diferenciada, para lograr un maior achegamento ao equilibrio económico, á rendibilidade da operación e á non superación dos límites do deber legal de conservación.

b) As determinacións económicas básicas relativas aos valores de repercusión de cada uso urbanístico proposto, estimación do importe do investimento, incluíndo tanto as axudas públicas, directas e indirectas, como as indemnizacións correspondentes, así como a identificación do suxeito ou suxeitos responsables do deber de pagar as redes públicas.

c) A análise do investimento que poida atraer a actuación e a xustificación de que esta é capaz de xerar ingresos suficientes para financiar a maior parte do custo da transformación física proposta, garantindo o menor impacto posible no patrimonio persoal dos particulares medido, en calquera caso, dentro dos límites do deber legal de conservación.

A análise referida no parágrafo anterior fará constar, se for o caso, a posible participación de empresas de rehabilitación ou prestadoras de servizos enerxéticos, de abastecemento de auga, ou de telecomunicacións, cando asuman o compromiso de integrarse na xestión, mediante o financiamento de parte desta, ou da rede de infraestruturas que lles competa, así como o financiamento da operación por medio de aforros amortizables no tempo.

d) O horizonte temporal que, se for o caso, sexa preciso para garantir a amortización dos investimentos e o financiamento da operación.

e) A avaliación da capacidade pública necesaria para asegurar o financiamento e o mantemento das redes públicas que deban ser financiadas pola Administración, así como o seu impacto nas correspondentes facendas públicas.

[...]"

No artigo 25: "1. Todos os instrumentos de ordenación territorial e de ordenación e execución urbanísticas, incluídos os de distribución de beneficios e cargas, así como os convenios que co dito obxecto vaian ser subscritos pola Administración competente, deben ser sometidos ao trámite de información pública nos termos e polo prazo que estableza a lexislación na materia, que nunca poderá ser inferior ao mínimo esixido na lexislación sobre procedemento administrativo común, e débense publicar na forma e co contido que determinen as leis.

2. Os acordos de aprobación definitiva de todos os instrumentos de ordenación territorial e urbanística publicaranse no «boletín oficial» correspondente. Respecto ás normas e ordenanzas contidas en tales instrumentos, observarase o disposto na lexislación aplicable.

3. Nos procedementos de aprobación ou de alteración de instrumentos de ordenación urbanística, a documentación exposta ao público deberá incluír un resumo executivo expresivo dos seguintes aspectos:

a) Delimitación dos ámbitos en que a ordenación proxectada altera a vixente, cun plano da súa situación, e alcance da dita alteración.

b) Se for o caso, os ámbitos en que se suspendan a ordenación ou os procedementos de execución ou de intervención urbanística e a duración da dita suspensión.

4. As administracións públicas competentes impulsarán a publicidade telemática do contido dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor, así como do anuncio do seu sometemento a información pública.

5. Cando a lexislación urbanística abra aos particulares a iniciativa dos procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación ou de execución urbanística, o incumprimento do deber de resolver dentro do prazo máximo establecido dará lugar a indemnización aos interesados polo importe dos gastos en que incorresen para a presentación das súas solicitudes, salvo nos casos en que se deban entender aprobados ou resoltos favorablemente por silencio administrativo de conformidade coa lexislación aplicable.

6. Os instrumentos de ordenación urbanística cuxo procedemento de aprobación inicie de oficio a Administración competente para a súa instrución, pero cuxa aprobación definitiva compete a un órgano doutra Administración, entenderanse definitivamente aprobados no prazo que sinale a lexislación urbanística.

7. En todo caso, na tramitación dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberase asegurar o trámite de audiencia ás administracións públicas cuxas competencias poidan resultar afectadas.”

31.- Informes sectoriais.-

- **Afeccións:** non constan afeccións

- **Informes previos á aprobación inicial:**

1. O documento de inicio datado de agosto de 2016 foi remitido o día 12 de agosto de 2016 ao Servizo de Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente E Ordenación do Territorio, para determinar se debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental resolve o día 3 de novembro de 2016 non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual número cinco. Xunto coa copia da decisión achégase copia de contestación no procedemento de:

a. a Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio que considera en canto as razóns de interese público que “as razóns expostas, poden considerarse como de interese público para a formulación dunha modificación do planeamento xeral”, e en canto ao contido “xustificarse a supresión do requirimento establecido con carácter xeral polo planeamento en vigor respecto as prazas de aparcamento para os equipamentos de uso sanitario-asistencial”, “as novas determinacións urbanísticas estableceran con claridade, as específicas condicións esixibles aos proxectos de edificación, para a resolución da integración urbana do volume proxectado no

tecido existente”

- b. do Instituto de Estudos do Territorio, considerando que “a modificación pode provocar certos efectos negativos na paisaxe urbana, se ben tales efectos poderán verse minimizados se se establecen medidas de integración paisaxística, tal e como se prevé no documento ambiental estratéxico”
 - c. da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica considerando que “as actuacións comprendidas no dito proxecto non é previsible que teñan impacto nas actividades competencia da Dirección Xeral”
2. En cumprimento do disposto no artigo 60.7 da LSG o documento de aprobación inicial datado de novembro de 2017, remítese a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; o informe foi emitido pola Directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre o resultado do previsto no citado trámite o día de 30 de maio de 2017, e acompañase copia dos informes sectoriais autonómicos:
- a. Informe da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 20.02.2017
 - b. Informe da Axencia Galega de Infraestruturas de 27.02.2017
 - c. Informe do Instituto de Estudos do Territorio, do 10.05.2017.
 - d. Informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 22.03.2017.
3. Consonte co establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998, de 4 de decembro, sobre la ordenación de los Aeropuertos de Interés General y su Zona de Servicio; “las administraciones u organismos competentes para la tramitación del planeamiento territorial o urbanístico remitirán al Ministerio de Fomento, antes de su aprobación inicial o trámite equivalente, los proyectos de planes o instrumentos de ordenación urbanística o territorial, o de cualquier otra índole que ordenen físicamente el territorio, así como sus revisiones o modificaciones”, solicítase informe que foi emitido o día 05.04.2017 pola Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea - Dirección General de Aviación Civil
4. Conforme ao establecido no artigo 35.2 da Ley 9/2014, de 9 de mayo, General de Telecomunicaciones, solicítase informe preceptivo que foi emitido o día 16.01.2017
5. Solicítase informe á Delegación do Goberno en Galicia que foi emitido o día 19.01.2017
6. Consonte co disposto no punto 2 do artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia:
- “2. Nos supostos de redacción, revisión ou modificación de instrumentos de planeamento que afecten as estradas existentes ou as actuacións previstas nos plans de estradas vixentes, o concello remitiralles, con posterioridade á súa aprobación inicial, o correspondente documento ás administracións titulares das estradas afectadas para que emitan informe sobre este. O informe terá carácter vinculante e deberá ser emitido no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderase favorable. No caso de ser desfavorable, o informe indicará expresamente, se é o caso, as normas vulneradas”, solicítase informe a Deputación da Coruña que foi emitido o día 10.08.2017.

4º.-Contido da modificación do Plan xeral de ordenación presentado.-

- O documento presentado, contén os seguintes documentos:

1. MEMORIA E DETERMINACIÓNS NORMATIVAS

- a Introducción:

- Obxecto da modificación (páxina 3)
 - Equipo redactor (páxina 3)
 - Tramitación e documentación (páxinas 3 e 4)
 - b *Descrición do medio:*
 - Localización e contexto territorial (páxina 4)
 - Descrición física das parcelas (páxinas 4 e 5)
 - c *Antecedentes urbanísticos*
 - Planeamento vixente, cualificación outorgada as parcelas (páxinas 5 e 6)
 - Problemas para a ampliación do centro de saúde (páxinas 6 a 8)
 - d *Motivación da modificación puntual*
 - Xustificación do interese xeral (páxina 8)
 - Suposto de modificación (paxinas 8 e 9)
 - e *Proposta de ordenación e documentación modificada (páxinas 9 e 10)*
 - f *Documentación gráfica (páxina 10)*
 - g *Anexo ficha de ordenación especial (páxinas 12 e 13)*
 - h *Anexo xustificación en materia de accesibilidade (páxinas 14 e 15)*
2. **INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA** (10 páxinas)
3. **INFORME DA PARTICIPACIÓN PÚBLICA E CONSULTAS** (63 páxinas).
4. **PLANOS**
- a *Información:*
 - I-1 ámbito da modificación puntual
 - I-2 plan vixente Laracha zonificación
 - b *Ordenación:*
 - U-O-L1 Laracha zonificación
 - U-O-L2 Laracha cotas e rasantes
- Non se introducen modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, polo que non procede abrir novo trámite de información pública.
 - Desde o punto de vista formal, e por tratarse dunha modificación, o contido do documento presentado axustase ao disposto nos artigos 83 e 58 da LSG e 131 e 200 do RLSG.

En canto o seu contido:

Modificacións no documento desde a aprobación inicial en cumprimento das condicións sinaladas nos informes:

1. No anexo de xustificación en materia de accesibilidade xustifícase que non é preceptiva a aplicación da lexislación en materia de accesibilidade ao non afectar a ningún elemento do viario nin ás rasantes, sen provocar polo tanto, alteración algunha nestas zona públicas

51.- Procedemento a seguir para la aprobación do Plan.

1. O procedemento a seguir para a modificación puntual do Plan Xeral é o establecido para a aprobación no artigo 60 da LSG, desenvolvido mediante o artigo 144 do RLSG :

“1. O concello promotor do plan poderá solicitar da consellaría competente en materia de urbanismo tanta documentación considere necesaria ou de interese para a redacción do plan xeral de ordenación municipal do que se trate.

A consellaría, no prazo máximo dun mes, facilitará á Administración municipal a documentación solicitada e coordinará tanta información se deba ter en conta para a redacción do instrumento de planeamento e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

2. Iniciada a fase de formulación do planeamento xeral, redactarase un borrador do plan e un documento inicial estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

3. O concello promotor do plan trasladará a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará, na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.

4. O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente.

Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que, como mínimo, incluírá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable.

5. O concello elaborará o estudo ambiental estratéxico atendendo os criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultas deste elaborará a versión inicial do plan.

6. O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

7. O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

8. O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

9. Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

10. O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental, o concello non remitise o expediente reparado, ou se unha vez presentado for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará ao concello promotor e á consellaría competente en materia de urbanismo a resolución de terminación.

11. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

12. Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.

No caso de que se introducisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abriase un novo trámite de información pública.

13. Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións que sexan pertinentes. O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellaría competente en materia de urbanismo.

14. A consellaría, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan. De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.

15. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación superior a 50.000 habitantes, a consellaría competente en materia de urbanismo, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, emitirá informe preceptivo e vinculante sobre as seguintes cuestións:

- a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.
- b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.
- c) A coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.
- d) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

16. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación inferior a 50.000 habitantes, a consellaría, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

a) Aprobar definitivamente o plan, nos mesmos termos nos que se formula.

b) Aprobar definitivamente o plan coas condicións precisas e determinadas que se xulguen necesarias para reparar as deficiencias que presente o documento, derivadas das cuestións da súa competencia sinaladas no punto 15 anterior. Neses casos, de ser necesario, procederase de acordo co establecido no artigo 62.

c) Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando aplicable nesas áreas o réxime contido no artigo 89.

d) Non outorgar a aprobación definitiva

O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunica-se a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.

17. Para resolver sobre a aprobación definitiva, a consellaría competente en materia de urbanismo analizará as cuestións sinaladas no punto 15 anterior.”

2. De conformidade co artigo 47.2 II) da Lei de Bases do Réxime Local, todos os acordos que debe adoptar o Pleno na aprobación da modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, requiren o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros, previo ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha para a ordenación especial dunha parcela dotacional, contida no proxecto redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L, datado de xuño de 2017, e nos informes: da Dirección General de Telecomunicaciones y Tecnologías de la Información do 16.01.2017; da Delegación de Goberno de Galicia sobre o inventario de bens e dereitos do estado do 19.01.2017; do Ministerio de Fomento- Dirección General de Aviación Civil do 05.04.2017; da Subdirección Xeral de Planificación e Protección Civil do 20.02.2017, da Axencia Galega de Infraestruturas de 27.02.2017; do Instituto de Estudos do Territorio, do 10.05.2017; da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 22.03.2017 e da Deputación da Coruña do 04.08.2017.

SEGUNDO.- Remiti-lo expediente completo debidamente dilixenciado, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que debe outorgar a aprobación definitiva.

Este é o noso informe, que sometemos a mellor opinión fundada en Dereito.

Non obstante, o Pleno da Corporación, decidirá o que entenda máis conveniente.

A Laracha, a 28 de agosto de 2017

A arquitecta técnica municipal

A secretaria

Sométese a proposta de acordo a votación resultando aprobada por unanimidade.

3º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 6 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA LARACHA

Dase lectura ao informe de secretaría que copiado literalmente di:

INFORME SECRETARIA

En virtude do artigo 173 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro), do artigo 47.2 II) da Lei 7/1.985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local, do artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e do artigo 144.6 do decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia emítase por esta Secretaria o seguinte informe preceptivo.

III. LEXISLACIÓN APLICABLE

- 1. Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG).*
- 2. Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).*
- 3. Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSRU).*
- 4. Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.*
- 5. Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as directrices de ordenación do territorio (DOT).*
- 6. Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (POL)*
- 7. Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia*
- 8. Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- 9. Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia*
- 10. Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.*
- 11. Lei 48/1960, de 21 de xullo, de Navegación Aérea (BOE nº 173, de 23 de xullo)*
- 12. Real Decreto 584/1972, de 24 de febreiro, de Servidumes Aeronáuticas (BOE nº 69, de 21 de marzo).*
- 13. Decreto 374/1996, de 23 de febreiro polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do aeroporto da Coruña (BOE nº 64, de 14 de marzo).*
- 14. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento sobre a correcta inclusión das servidumes aeronáuticas do Aeroporto da Coruña no PXOM, de 11 de novembro de 2007.*
- 15. Real decreto 799/1991, de 10 de maio, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas establecidas no aeroporto de Santiago de Compostela (BOE nº 122, de 22 de maio de 1991).*

16. Informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento, de 11 de febreiro de 2009, sobre a correcta inclusión no planeamento urbano das servidumes aeronáuticas do aeroporto de Santiago.
17. Lei 9/2014, de 9 de maio, de Telecomunicacións
18. Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 30 de xuño de 2003 (PXOM).

IV. ANTECEDENTES DE FEITO

1. O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha foi aprobado definitivamente polo Pleno Municipal o 30 de xuño de 2003, de acordo co previsto na disposición transitoria terceira da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de 30 de decembro e publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 157 na data de 10 de xullo de 2003 (PXOM).
2. O obxecto do presente informe é o documento técnico de aprobación inicial da Modificación Puntual número seis do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, redactado polo equipo redactor da empresa Monteoliva Arquitectura, S.L.P, e datado do mes de agosto de 2017.
3. A modificación ten por obxecto modificar a cualificación dun ámbito dotacional no núcleo urbano de Caión.
4. O presente informe emítese con base en la seguinte documentación:
 - a. Documento de aprobación inicial da Modificación puntual número seis do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha, redactado polo equipo redactor da empresa Monteoliva Arquitectura, S.L., e datado do mes de agosto de 2017.
 - b. Resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 18 de xullo de 2017 pola que se resolve que non é necesario someter a Modificación Puntual número seis, ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ordinaria, en cumprimento do trámite disposto no artigo 60.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia.

III. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.1.- Modificación do planeamento.-

- A LSG no artigo 83 relativo a modificación dos instrumentos de planeamento urbanístico, que se desenvolve mediante o artigo 200 do RLSG, dispón:
 - “1. Calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas.
 2. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento urbanístico poderá levarse a cabo mediante a revisión deles ou mediante a modificación dalgún dos seus elementos.
 3. Enténdese por revisión do planeamento xeral a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade.
 4. Nos demais supostos, a alteración das determinacións do plan considerarase como modificación deste, aínda cando a dita alteración implique cambios na clasificación, na cualificación do solo ou na delimitación do ámbito dos polígonos.

5. A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.
6. No caso das modificacións do planeamento xeral que teñan por obxecto a delimitación do solo de núcleo rural de acordo co establecido no artigo 23, tramitaranse seguindo o procedemento establecido no artigo 78 desta lei.”

Segundo o disposto no artigo 83.5 da LSG e no artigo 200.5 do RLSG a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación.

21.- Contido obrigatorio do Plan xeral de ordenación municipal.-

- O artigo 58 da LSG, desenvolvido polo artigo 131 do RLSG, sinala os documentos nos que se deben desenvolver as determinacións do Plan Xeneral de Ordenación Municipal:
 - “a) Memoria xustificativa dos seus fins e obxectivos, así como das súas determinacións.
 - b) Estudo do medio rural e análise do modelo de asentamento poboacional e da mobilidade.
 - c) Memoria xustificativa da adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.
 - d) Estudo ambiental estratéxico e declaración ambiental estratéxica.
 - e) Planos de información, incluíndo as afeccións sectoriais.
 - f) Planos de ordenación urbanística.
 - g) Normas urbanísticas
 - h) Estratexia de actuación e estudo económico.
 - i) Catálogo de elementos que se deben protexer.
 - j) Informe ou memoria de sustentabilidade económica
 - k) Informe xustificativo do cumprimento da normativa sectorial aplicable.”
- Por outra parte o TRLSRU dispón:
 - No artigo 22: "1. Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística están sometidos a avaliación ambiental, de conformidade co previsto na lexislación de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente e neste artigo, sen prexuízo da avaliación de impacto ambiental dos proxectos que se requiran para a súa execución, se for o caso (...)
 - 4. A documentación dos instrumentos de ordenación das actuacións de transformación urbanística deberá incluír un informe ou memoria de sustentabilidade económica, no cal se ponderará, en particular, o impacto da actuación nas facendas públicas afectadas pola implantación e o mantemento das infraestruturas necesarias ou a posta en marcha e a prestación dos servizos resultantes, así como a suficiencia e adecuación do solo destinado a usos produtivos.
 - 5. A ordenación e execución das actuacións sobre o medio urbano, sexan ou non de transformación urbanística, requirirá a elaboración dunha memoria que asegure a súa viabilidade económica, en termos de rendibilidade, de adecuación aos límites do deber legal de conservación e dun adecuado equilibrio entre os beneficios e as cargas derivadas dela, para os propietarios incluídos no seu ámbito de actuación, e conterá, ao menos, os seguintes elementos:
 - a) Un estudo comparado dos parámetros urbanísticos existentes e, se for o caso, dos propostos, con identificación das determinacións urbanísticas básicas referidas a edificabilidade, usos e tipoloxías edificatorias e redes públicas que habería que modificar. A memoria analizará, en concreto, as modificacións sobre incremento de edificabilidade ou densidade, ou introdución de

novos usos, así como a posible utilización do solo, voo e subsolo de forma diferenciada, para lograr un maior achegamento ao equilibrio económico, á rendibilidade da operación e á non superación dos límites do deber legal de conservación.

b) As determinacións económicas básicas relativas aos valores de repercusión de cada uso urbanístico proposto, estimación do importe do investimento, incluíndo tanto as axudas públicas, directas e indirectas, como as indemnizacións correspondentes, así como a identificación do suxeito ou suxeitos responsables do deber de pagar as redes públicas.

c) A análise do investimento que poida atraer a actuación e a xustificación de que esta é capaz de xerar ingresos suficientes para financiar a maior parte do custo da transformación física proposta, garantindo o menor impacto posible no patrimonio persoal dos particulares medido, en calquera caso, dentro dos límites do deber legal de conservación.

A análise referida no parágrafo anterior fará constar, se for o caso, a posible participación de empresas de rehabilitación ou prestadoras de servizos enerxéticos, de abastecemento de auga, ou de telecomunicacións, cando asuman o compromiso de integrarse na xestión, mediante o financiamento de parte desta, ou da rede de infraestruturas que lles competa, así como o financiamento da operación por medio de aforros amortizables no tempo.

d) O horizonte temporal que, se for o caso, sexa preciso para garantir a amortización dos investimentos e o financiamento da operación.

e) A avaliación da capacidade pública necesaria para asegurar o financiamento e o mantemento das redes públicas que deban ser financiadas pola Administración, así como o seu impacto nas correspondentes facendas públicas.

[...].

No artigo 25: “1. Todos os instrumentos de ordenación territorial e de ordenación e execución urbanísticas, incluídos os de distribución de beneficios e cargas, así como os convenios que co dito obxecto vaian ser subscritos pola Administración competente, deben ser sometidos ao trámite de información pública nos termos e polo prazo que estableza a lexislación na materia, que nunca poderá ser inferior ao mínimo esixido na lexislación sobre procedemento administrativo común, e débense publicar na forma e co contido que determinen as leis.

2. Os acordos de aprobación definitiva de todos os instrumentos de ordenación territorial e urbanística publicaranse no «boletín oficial» correspondente. Respecto ás normas e ordenanzas contidas en tales instrumentos, observarase o disposto na lexislación aplicable.

3. Nos procedementos de aprobación ou de alteración de instrumentos de ordenación urbanística, a documentación exposta ao público deberá incluír un resumo executivo expresivo dos seguintes aspectos:

a) Delimitación dos ámbitos en que a ordenación proxectada altera a vixente, cun plano da súa situación, e alcance da dita alteración.

b) Se for o caso, os ámbitos en que se suspendan a ordenación ou os procedementos de execución ou de intervención urbanística e a duración da dita suspensión.

4. As administracións públicas competentes impulsarán a publicidade telemática do contido dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística en vigor, así como do anuncio do seu sometemento a información pública.

5. Cando a lexislación urbanística abra aos particulares a iniciativa dos procedementos de aprobación de instrumentos de ordenación ou de execución urbanística, o incumprimento do deber de resolver dentro do prazo máximo establecido dará lugar a indemnización aos interesados polo

importe dos gastos en que incorresen para a presentación das súas solicitudes, salvo nos casos en que se deban entender aprobados ou resoltos favorablemente por silencio administrativo de conformidade coa lexislación aplicable.

6. Os instrumentos de ordenación urbanística cuxo procedemento de aprobación inicie de oficio a Administración competente para a súa instrución, pero cuxa aprobación definitiva compete a un órgano doutra Administración, entenderanse definitivamente aprobados no prazo que sinale a lexislación urbanística.

7. En todo caso, na tramitación dos instrumentos de ordenación territorial e urbanística deberase asegurar o trámite de audiencia ás administracións públicas cuxas competencias poidan resultar afectadas.”

31.- Informes sectoriais preceptivos da administración do estado.-

Sinala a arquitecta técnica municipal no seu informe datado o día 28 de agosto de 2017 que:

7. Consonte co establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 2591/1998, de 4 de decembro, sobre la ordenación de los Aeropuertos de Interés General y su Zona de Servicio; “las administraciones u organismos competentes para la tramitación del planeamiento territorial o urbanístico remitirán al Ministerio de Fomento, antes de su aprobación inicial o trámite equivalente, los proyectos de planes o instrumentos de ordenación urbanística o territorial, o de cualquier otra índole que ordenen físicamente el territorio, así como sus revisiones o modificaciones”, se debe solicitar informe da Subdirección General de Aeropuertos y Navegación Aérea – Dirección General de Aviación Civil
8. Conforme ao establecido no artigo 35.2 da Ley 9/2014, de 9 de mayo, General de Telecomunicaciones, débese solicitar informe preceptivo.
9. Consonte co establecido na disposición adicional segunda da Ley 13/2013, de 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, no artigo 5 da Ley 34/1998, del 7 de octubre , del sector de hidrocarburos, no artigo 5 da Ley 24/2013, del 26 de diciembre del sector eléctrico y el artículo 68 del Real decreto 1434/2002, del 27 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de gas natural, é preciso informe da Delegación do Goberno.

- Informes previos á aprobación inicial:

1. O documento de inicio datado de agosto de 2016 foi remitido o día 26 de abril de 2017 á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, para determinar se debe someterse ou non ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, a directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático resolve o día 18 de xullo de 2017 non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual número seis. Xunto coa copia da decisión achéganse copia de dos comentarios e informes recibidos durante o período de consultas previas:
 - a. Pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, que considera:
 - En canto as razóns de interese público da modificación “O incremento da contía do sistema xeral de equipamentos públicos pode considerarse como unha razón de interese público suficiente para xustificar unha modificación do planeamento urbanístico”
 - En canto ao contido:
“O proxecto que se elabore para a súa tramitación deberá ter o contido indicado no artigo 131 e seguintes do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia,

aprobado por Decreto 143/2016 (en adiante RLSG), co alcance e contido congruentes coa proposta (artigo 83 do RLSG).

A modificación da ficha debe recoller a alteración do aproveitamento lucrativo que resulta da proposta.

O ámbito da modificación está incluído no ámbito ordenado polo Plan de Ordenación do Litoral de Galicia aprobado por Decreto 20/2011 (POL). Non obstante, ao tratarse dun ámbito de solo urbano con proxecto de equidistribución aprobado con anterioridade á entrada de aquel non lle é de aplicación (artigo 96.2 da normativa do POL)”

- Tramitación da modificación: “De acordo co artigo 83.5 da LSG e 200.5 do RLSG, a tramitación da modificación seguirá o procedemento establecido no artigo 60 da LSG e 144 do RLSG”.
- b. do Instituto de Estudos do Territorio, que considera que “Considerando que non se proxectan modificacións das alturas permitidas nin a edificabilidade, nin se executan reformas físicas ou urbanísticas, esta modificación non producirá efectos paisaxísticos significativos”
- c. da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica considerando que “as actuacións comprendidas no dito plan non é previsible que teñan impacto nas actividades competencia destas Dirección Xeral”

4º.-Contido da modificación do Plan xeral de ordenación presentado.-

- O documento presentado, contén os seguintes documentos:

5. MEMORIA E DETERMINACIÓNS NORMATIVAS

- a. **Introdución:**
 - Obxecto da modificación (páxina 3)
 - Equipo redactor (páxina 3)
 - Tramitación e documentación (páxinas 3 e 4)
- b. **Descrición do medio:**
 - Localización e contexto territorial (páxina 4)
 - Descrición física das parcelas (páxinas 4 e 5)
- c. **Antecedentes urbanísticos**
 - Planeamento vixente, cualificación outorgada as parcelas (páxinas 5 e 6)
 - Cesión da parcela de equipamento privado ao concello da Laracha (páxinas 6 e 7)
- d. **Motivación da modificación puntual**
 - Xustificación do interese xeral (páxina 7)
 - Suposto de modificación (páxina 7)
- e. **Proposta de ordenación e documentación modificada (páxinas 7 e 8)**
- f. **Cumprimento dos Plans sectoriais e territoriais concurrentes (páxinas 8 e 9).**
- g. **Documentación gráfica (páxina 9)**
- h. **Anexo fichas da Área R-C1 da acción SXE-3 (páxinas 10 a 13)**

6. INFORME DE SOSTIBILIDADE ECONÓMICA (11 páxinas)

7. RESUMO EXECUTIVO (4 páxinas)

8. PLANOS

a. Información:

- I-01 plano de ordenación da estrutura xeral e orgánica do territorio
- I-02 plano de ordenación de Caión Zonificación U-O-C1
- I-33 plano de ordenación de Caión Zonificación U-O-C3
- I-04 ámbito da modificación puntual

b. Ordenación:

- U-O-C1 plano de ordenación de zonificación a escala 1/2000
- U-O-C3 plano de ordenación de zonificación a escala 1/1000

Desde o punto de vista formal, e por tratarse dunha modificación, o contido do documento presentado axustase ao disposto nos artigos 83 e 58 da LSG e 131 e 200 do RLSG.

En canto o seu contido: estarase ao sinalado no informe emitido pola arquitecta técnica municipal.

51.- Procedemento a seguir para la aprobación do Plan.

- *O procedemento a seguir para a modificación puntual do Plan Xeral é o establecido para a aprobación no artigo 60 da LSG desenvolvido mediante o artigo 144 do RLSG:*

“1. O concello promotor do plan poderá solicitar da consellaría competente en materia de urbanismo canta documentación considere necesaria ou de interese para a redacción do plan xeral de ordenación municipal do que se trate.

A consellaría, no prazo máximo dun mes, facilitará á Administración municipal a documentación solicitada e coordinará canta información se deba ter en conta para a redacción do instrumento de planeamento e que deba ser achegada polos diferentes departamentos da Administración autonómica.

2. Iniciada a fase de formulación do planeamento xeral, redactarase un borrador do plan e un documento inicial estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

3. O concello promotor do plan trasladará a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica, un borrador do plan co contido necesario para a súa análise urbanística e o documento inicial estratéxico ao órgano ambiental, o cal comprobará, no prazo máximo dun mes, que aqueles inclúen os documentos exixibles e solicitará, na súa falta, que se acheguen os documentos preceptivos.

4. O órgano ambiental someterá esa documentación ás consultas do órgano competente en materia de urbanismo, das demais administracións públicas afectadas e das persoas interesadas, que se pronunciarán no prazo máximo de dous meses. Transcorrido este prazo, o procedemento continuará nos termos establecidos na lexislación vixente.

Realizadas as consultas, o órgano ambiental, no prazo de dous meses contados desde o efectivo cumprimento dos trámites anteriores e a recepción da documentación completa, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, que, como mínimo, incluírá todas aquelas administracións públicas que deban emitir informe sectorial de conformidade coa lexislación aplicable.

5. O concello elaborará o estudo ambiental estratéxico atendendo os criterios contidos no documento de alcance e de conformidade co contido exixible pola lexislación vixente, e de resultas deste elaborará a versión inicial do plan.

6. O concello, logo do informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade do plan coa lexislación vixente, procederá á súa aprobación inicial e someterá o documento a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

A documentación sometida a información pública abarcará todos os documentos integrantes do expediente tramitado, incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico.

7. O concello trasladará esta documentación ao órgano competente en materia de urbanismo, o cal realizará as consultas previstas no documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos con carácter favorable.

Cumpridos os trámites anteriores, o órgano competente en materia de urbanismo remitirá ao concello o seu resultado, e poderase continuar o procedemento.

8. O concello deberá solicitar, no momento en que corresponda, os demais informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa lexislación vixente.

9. Tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas, o concello modificará, de ser preciso, o estudo ambiental estratéxico e elaborará a proposta do plan, que remitirá ao órgano ambiental xunto co expediente de avaliación ambiental estratéxica completo.

10. O órgano ambiental, no prazo máximo dun mes, realizará unha análise técnica do expediente e unha análise dos efectos significativos da aplicación do plan no ambiente. Se durante a referida análise observa algunha deficiencia, instará o concello á reparación no prazo máximo de tres meses. Neste suposto, suspenderase o cómputo do prazo para a formulación da declaración ambiental estratéxica.

Se, transcorridos tres meses desde o requirimento do órgano ambiental, o concello non remitise o expediente reparado, ou se unha vez presentado for insuficiente, o órgano ambiental dará por finalizada a avaliación ambiental estratéxica, e notificará ao concello promotor e á consellaría competente en materia de urbanismo a resolución de terminación.

11. O órgano ambiental, tras realizar a análise técnica do expediente, no prazo de dous meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará a declaración ambiental estratéxica, que deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

12. Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o concello incorporará o contido da declaración ambiental estratéxica ao plan, introducindo as modificacións que sexan necesarias, elaborará un extracto co contido sinalado no artigo 82 e indicará as medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente da aplicación do plan.

No caso de que se introducisen modificacións que signifiquen un cambio substancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto da clasificación e cualificación do solo ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrirase un novo trámite de información pública.

13. Logo do informe dos servizos xurídicos e técnicos municipais respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas e da conformidade do plan coa lexislación vixente, o concello aprobará provisionalmente o contido do plan coas

modificacións que sexan pertinentes. O expediente completo, debidamente dilixenciado, será remitido á consellaría competente en materia de urbanismo.

14. A consellaría, no prazo dun mes, examinará a integridade do proxecto de plan.

De se apreciar algunha deficiencia, requirirá a súa emenda. Ata o cumprimento efectivo do requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para resolución sobre a aprobación definitiva do documento.

15. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación superior a 50.000 habitantes, a consellaría competente en materia de urbanismo, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, emitirá informe preceptivo e vinculante sobre as seguintes cuestións:

a) A integridade e suficiencia dos documentos que integran o plan.

b) A conformidade do plan coa lexislación urbanística vixente e a adecuación das súas determinacións á protección do medio rural.

c) A coherencia do plan coas Directrices de ordenación do territorio, co Plan de ordenación do litoral e cos demais instrumentos de ordenación do territorio.

d) A incidencia do plan sobre as materias de competencia autonómica e sobre as políticas autonómicas de desenvolvemento sustentable e a articulación das infraestruturas de carácter local cos elementos vertebradores do territorio de alcance supramunicipal.

Transcorrido este prazo sen que se comunicase o informe solicitado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

16. Respecto dos plans xerais daqueles concellos con poboación inferior a 50.000 habitantes, a consellaría, no prazo de tres meses, contados desde a entrada do expediente completo no rexistro da consellaría, adoptará motivadamente algunha das seguintes decisións:

a) Aprobar definitivamente o plan, nos mesmos termos nos que se formula.

b) Aprobar definitivamente o plan coas condicións precisas e determinadas que se xulguen necesarias para reparar as deficiencias que presente o documento, derivadas das cuestións da súa competencia sinaladas no punto 15 anterior. Nesas casos, de ser necesario, procederase de acordo co establecido no artigo 62.

c) Aprobar parcialmente o documento, cando as deficiencias afecten áreas ou determinacións tan concretas que, prescindindo delas, o planeamento se poida aplicar con coherencia. A parte obxecto de reparos quedará en suspenso ata a súa rectificación, resultando aplicable nesas áreas o réxime contido no artigo 89.

d) Non outorgar a aprobación definitiva

O plan xeral entenderase aprobado definitivamente se transcorren tres meses desde a entrada do expediente completo no rexistro do órgano competente sen que este comunícase a resolución, sempre que o plan conteña os documentos e determinacións preceptivos.

17. Para resolver sobre a aprobación definitiva, a consellaría competente en materia de urbanismo analizará as cuestións sinaladas no punto 15 anterior.”

- De conformidade co artigo 47.2 II) da Lei de Bases do Réxime Local, todos os acordos que debe adoptar o Pleno na aprobación da modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, requiren o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros, previo ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación puntual número seis do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello da Laracha para a recualificación de dúas parcelas dotacionais, contida no proxecto redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L., coa Resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 18.07.2017 pola que resolve que non é necesario someter a Modificación Puntual número seis, ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica ordinaria, en cumprimento do trámite disposto no artigo 60.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, desenvolvido no artigo 144.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en nun dos xornais de maior difusión da provincia, de conformidade co disposto no artigo 60.6 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, desenvolvido no artigo 144.6 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG).

TERCEIRO.- Solicitar, durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, os informes sectoriais que resulten preceptivos á administración do estado.

CUARTO.- De conformidade co disposto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, desenvolvido polo artigo 144. 7 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) darlle traslado do proxecto redactado por Monteoliva Arquitectura, S.L., xunto coa Resolución da directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático de 18 de xullo de 2017, acordo de aprobación polo pleno e os informes técnico e xurídico, ao órgano competente en materia de urbanismo (directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), que dará audiencia aos municipios limítrofes e solicitará os informes sectoriais autonómicos preceptivos, que deberán ser emitidos no prazo de tres meses; transcorrido este, entenderanse emitidos co carácter favorable.

QUINTO.- Suspende o procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado, por un prazo máximo de dous anos, extinguíndose en todo caso coa aprobación definitiva da modificación conforme ó artigo 47.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, desenvolvido polo artigo 86.2 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RLSG) e expoñer e publicar o resumo executivo da súa delimitación, segundo o disposto no artigo 25.3 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do solo e rehabilitación urbana.

Este é o meu informe, que someto a mellor opinión fundada en Dereito.

A Laracha, a 28 de agosto de 2017

A secretaria

Sométese a votación a proposta incorporada no informe resultando aprobada por 11 votos a favor do PP e 4 abstencións (2 do BNG e 2 do PSOE)

Non habendo mais asuntos que tratar, se levanta a sesión sendo as 13:40h